

DGP

Distribución da produtividade de CCGG no ámbito da DGP

28/10/2025

A CIG busca un cambio completo que mellore o equilibrio laboral, aumente a retribución do persoal na súa xornada ordinaria e garanta un reparto máis xusto e transparente das produtividades.

Hoxe reunirse o grupo de traballo, dentro da Comisión de Seguimento do Acordo de distribución da produtividade, co obxectivo de **revisar, adaptar e mellorar o acordo de produtividade** existente na DGP.

Puntos de desencontro na primeira reunión

O principal punto de desencontro foi o **alcance dos cambios**. A DGP aínda non presentou a súa proposta, pero manifestou a súa intención é facer **só pequenos cambios**.

Estas modificacións, coa excusa da conciliación, parecen estar enfocadas a facer **variables os horarios** para realizar os incrementos de xornadas (segundo a persoa) e a **eliminar as incompatibilidades** entre os diferentes tipos de produtividade.

Esta discrecionalidade, a xuízo da CIG, podería levar a que **unhas poucas persoas** poidan percibir varios tipos de produtividade simultaneamente e adaptar a xornada ás súas necesidades mentres **outras non** van ter esa opción.

A proposta da CIG: Cambios profundos e xustos

A CIG manifestou na reunión que é necesario **modificar todo o acordo** e esa modificación debería pivotar, entre outros, sobre os seguintes criterios:

- **Aumento** do presuposto xeral.
- **Máis diñeiro para a Produtividade por Obxectivos** (produtividade variable).
 - Incremento do orzamento para a produtividade variable, que propoñemos que se denomine de obxectivos.
 - Destinar **a maior parte** do orzamento á produtividade variable e chamala Produtividade por Obxectivos.
 - **Por qué?** Isto permite mellorar as condicións laborais de forma máis xusta, evitar que o persoal teña que vivir no traballo con xornadas interminables e subir as retribucións que se cobran mellorando o rendemento da mañá e facendo só o horario normal.
- **Modificación dos criterios de exclusión**. Non é razoable que por estar 3 días enfermo non percibas todo o mes da produtividade.
- **Mantemento das incompatibilidades** existentes entre os diferentes tipos de produtividades, agás coa nova Produtividade por Obxectivos.
- **Criterios obxectivos**: modificar as diferentes modalidades de produtividade con criterios claros e obxectivos.

- **Recoñecemento de Postos de Apoio:** a CIG pide incluír os postos que reúnan os requisitos da **Comisaría Local de Vigo-Redondela** por ter un volume de traballo e persoal superior a moitas das Comisarías provinciais.
- **Supresión** da produtividade por **destino en determinadas zonas xeográficas**. A eliminación é debida a que non se axusta á normativa que regula as produtividades e xa existe unha indemnización por residencia para retribuír esa situación. O diñeiro aforrado pasaríase á produtividade por obxectivos.